



DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DO ARTIGO 17 DA ORDE DE CONVOCATORIA

BS403F - AXUDAS PARA INVESTIMENTO NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3  
DEPENDENTES DE ENTIDADES PRIVADAS DE INICIATIVA SOCIAL

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA QUE SE DA CUMPRIMENTO ÁS OBRIGAS SINALADAS A CONTINUACIÓN

- Executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano que a concede.
- Manter un sistema de contabilidade separado que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder e conservar toda a documentación relativa a esta subvención durante un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación destas contas ante a Comisión Europea.
- Ter unha permanencia mínima ininterrompida na actividade de manter as infraestruturas e equipamentos subvencionados destinados ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención por un período non inferior a cinco anos a contar desde a data do último pagamento da axuda de investimento realizado.
- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información relativos aos programas e actuacións realizados, a condición de subvencionados pola Xunta de Galicia e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 2014-2020.
- Informar ao público de que o servizo está financiado pola Xunta de Galicia e polo Feder, así como dos obxectivos dos fondos concedidos.
- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou de control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en especial a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, ou Consello de Contas, as comprobacións e verificacións a realizar polo Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión ou a Autoridade de Certificación e, se é o caso, os órganos de control da Comisión Europea, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores, e ás verificacións previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Consello.
- Informar sobre o nivel de logro do indicador de produtividade asociado a esta convocatoria de axudas.
- Cumprir todas aquelas obrigas e requisitos que se desprendan do articulado desta orde e dos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e da súa normativa de desenvolvemento.
- Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.
- Cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de